

CEP CAMPOLONGO

PROPOSTAS PARA TRABALLAR A ORALIDADE DAS EMOCIÓNS

PRIMEIRO CICLO

1- **Lectura en voz alta** entre [tod@s](#) de contos que falen da temática escollida. Por exemplo, **para o medo** temos :

- Os tres bandidos”. Kalandraka.
- “A bruxa regañadentes”. Oqo.
- “Tio lobo”. Kalandraka.
- “Os bolechas teñen medo”.
- “Hansel e Gretel”. Kalandraka.
- “Bola de manteiga”
- “Oscar e o buzón de correos”
- “O cuarto prohibido”
- “Gato Guille e os monstros”



Xogo do Buxo

- “O monstro de Ricardo”. Kalandraka.
- “Bola de manteiga” .Oqo.
- “Verlioka”. Oqo.
- “ O medo”. Ir indo.
- “Carrapuchiña vermella”. Kalandraka.
- “Un pesadelo no meu armario”
- “Fantasmas no corredor”
- “ O conde vampiro”
- “A bruxa regañadentes”

2. Conversas na clase sobre:

- Personaxes que lle dan medo, a eles mesmos ou a outras persoas.
- Situacións nas que podemos ter medo (cando estamos solos, pola noite, de compras, vendo Películas,,,))
- Que lle pasa ó noso corpo cando temos medo (nos ollos, na boca, na respiración, na pel, no corazón...)
- A que lle tiñan medo os nosos pais cando eran pequenos, por que xa non lle teñen...)
- Que podemos facer cando temos medo. Buscar solucións.

SEGUNDO E TERCEIRO CICLO

- 3 – Escribir primeiro un pesadelo , e logo contalo aos demais.
- 4 - Disfrazarse no Entroido con personaxes de medo e recitar algún xogo de sortes relacionado. Exemplo: “Era de noite. Había un castelo. Abriuse a porta. Saiu un morcego. Meteu a man. Sacou un coitelo. UNTA MÁIS NOCILLA, UNTA MÁIS NOCILLA!!”
- 5 – Crear e xogar con adiviñas.
- 6 - Inventar nomes para bruxas e monstros debuxados.
- 7 - Facer un libro de conxuros para logo recitalo na clase
- 8 – O mesmo con receitas terroríficas.
- 9 - Aprender e cantar a canción da [Bruxa Maruxa](#)
- 10 - Imitar ou representar personaxes ou situacións de medo.
- 11 – Decorar corredores con debuxos de personaxes de medo.
- 12 – Facer exercicios respiratorios
- 13 – Obra de teatro do libro “[Mamasiña que medo](#)”
- 14 – Facer un mural de medos e lelos en voz alta entre grupos de compañeir@s
- 15 - Aprender ou ler e recitar o conxuro da queimada entre [tod@s](#)
- 15 – Ler e explicar o conto “[Que cara de toxo tes!](#)”
- 16 - [Xogo do Buxo](#)